

# IGREXA E SOCIEDADE EN ESPAÑA (1936-1975)

Por Xosé-M. R. PAMPÍN

Certamente vivimos unha época de cambios radicais e polo tanto de recontos e balances. O período franquista, ademais, resulta tan "redondo", que mesmo se presta como poucos para unha redonda análise.

O oportunismo editorial, que neste intre nos presenta tan só apresurados balances, non ten nada que ver con esta obra que comentamos, iniciada en 1973 e rematada tres anos despois por un grupo de especialistas da máxima garantía (1). Trátase dun traballo longo e moi pensado, na máis estreita colaboración.

No primeiro capítulo, que fala da vida eclesial, Fernando Urbina, abalado coas máis exhaustivas fontes de todo tipo de material —o lector pódoo constatar— analiza as formas de relixiosidade, tanto popular como a máis personalizada, e as formas pastorais, sen esquecer a vida sacerdotal; e por último dáanos un completo excursus sobre o nacional-catolicismo con todas as súas teorizacións. Naturalmente, como en outros traballos, Urbina distingue os períodos clásicos: de apoteose nacional-católica, que chega ao 1950; un segundo período no que se acentúan os movementos apostólicos, o intelectualismo crítico, etc.; e o período posconciliar que arranca de 1965. Con esta periodización acláranse moi ben os diversos tipos de formas relixiosas e pastorais.

Antonio Duato, na segunda parte deste capítulo, estuda a xerarquía con datos moi reveladores: sobre as xeracións, mentalidades, estratos ideolóxicos, etc.

No segundo capítulo ("La Iglesia en el juego de las estructuras de la vida civil") aparece o traballo de Casimiro Martí sobre as relacións co sector político e que Martí divide no período azul (1936-1957) e no período tecnócrata (1957-1975). Unha síntese moi ben feita e de gran claridade, a pesar de ser posibelmente o menos novedoso por estar mellor coñecido.

Logo Enrique Martínez estuda a traxectoria eclesial ante a evolución económica. Cousa, si, novedosa e que o seu autor encarrila con gran facilidade, como o fai tamén Rafael Belda co seu

---

(1) VARIOS (Fernando URBINA, Antonio DUATO, Casimiro MARTÍ, Enrique MARTÍNEZ, Rafael BELDA, José M. TOTOSAUS, José BIGORDÁ y José M. ROVIRA), *Iglesia y Sociedad en España 1936-1975*, Editorial Popular, Madrid 1977.

traballo sobre o sindicalismo. Pola autoridade do autor, o seu fondo coñecemento do tema e o xeito de levalo adiante, este traballo parécese o máis acabado de todos.

Totosaus, coa súa costumada precisión, dános unha rica visión do problema do ensino, xirando, sobre todo, arredor do Concordato e mais da Lei de 1970.) falando do Concordato, feito clave nesta época, José Bigordá vai analizando os seus antecedentes históricos, as súas circunstancias e instrumentos do "ligue" en cuestión.

E por fin, Rovira fai unha análise teolóxica dos conceptos perfecta" e "Sacramentum salutis". Xa nos supoñemos a qué períodos e estratos eclesiales corresponden tais conceptos ou visións da Igrexa.

Foi Belda o encargado de preparar unha conclusión ou epílogo que xa non mira para atrás senón que trata de prever a fasquia do futuro. Seguro que os acontecementos foron cambiando tais previsións, iniciadas no setenta e tres. Belda destaca unha nova eclesiología, resaltando o seu talante liberador, para rematar o escrito dos 49 de marras dirixido á Xerarquía e no que se destacaba o perigo do neocapitalismo. Con todo, Belda prevé a laicidade do Estado, o cual lle fai rematar con certa esperanza.

Visto desde Galiza este libro, moi exhaustivo en certos aspectos, inmediatamente bota ún de conta o seu real centralismo, e non tanto porque os autores funcionen con tal mentalidade (provas abondo deron do contrario), senón porque a realidade nacional católica que analizan era así: a negación absoluta das realidades nacionais do Estado Español e das súas propias Igrexas. Con todo, non lle viria mal un reconto tamén dos intentos "subversivos" de personalización das igrexas nacionais, que tanto axudaron á dinamización en xeral do proceso liberador na península.

**Xosé-M. R. PAMPÍN**